

Santiago de Compostela 28/07/24

Modificación da RPT de funcionarización grupos III e IV

A proposta inicial da Xunta na Mesa xeral do pasado presentada 18 de xuño era a seguinte:

	EFFECTIVOS	%	APROBADOS	%
	2.431		449	
C. FUNCIONARIZACIÓN	462	19,00%	101	22,49%
POSTOS CON > RETRIBUCIÓN	1.969	80,99%	348	77,5%

UGT e CCOO manifestamos entón que esta é a sétima RPT de funcionarización e como asinantes do Acordo de concertación do emprego público demandamos a continuidade na senda emprendida en anteriores RPTs nas que non existían os complementos de funcionarización ou se reduciron a mínima expresión, e ademais a maioría do persoal incrementou as súas retribucións.

A Xunta atendeu a demanda de CCOO e UGT, aquela proposta foi retirada, proposta que por certo nunca debeu chegar neses termos á mesa de negociación xa que se establecían diferenzas salariais á baixa totalmente inxustificadas. Posteriormente se presenta á Mesa xeral unha nova proposta que corrixe a anterior, nos seguintes termos:

	EFFECTIVOS	%	APROBADOS	%
	2177		346	
C. FUNCIONARIZACIÓN	143	6,56%	29	8,38%
POSTOS CON > RETRIBUCIÓN	2034	93,43%	317	91,62%

Polo tanto, cuantitativamente o **93,43% do persoal incrementa retribucións** e cualitativamente todas **as contías dos postos con complementos de funcionarización son inferiores a 50 euros/ano** (antes as contías eran moi elevadas superando os tres, dous o mil euros/ano en moitas categorías). **UGT e CCOO** valoramos a modificación feita con esta nova proposta de clasificación e equivalencias entre retribucións de orixe do persoal laboral e retribucións de funcionarización.

No obstante, **como asinantes do acordo de concertación, que nos demanda ser esixentes co asinado, emprazamos novamente a Xunta a facer un último esforzo xa que é posible eliminar os complementos de funcionarización**, e ademais debe constar en acta que, ó igual que en anteriores RPT de equivalencias, se continuará revisando as RPT para homoxeneizar as retribucións por categoría e tipo de centro/servizo/prestación e dar solución a situacións de diferenzas salariais por funcións e homoxeneización da situación de orixe á que se chega a esta clasificación de equivalencias.

RPT adicional de funcionarización de A1,A2 e AP

Unha RPT que é meramente instrumental.

Amplía RPT de funcionarización previas cun total 229 prazas: 147 A1, 40 A2 e 42 AP, a que non se poñen obxeccións por ningún sindicato.

Varios

- **Illas Atlánticas:** non confirman data de aplicación do Acordo.
- Procesos de **estabilización:** **Traballan co obxectivo de rematar cos procesos a 31 de decembro de 2024, non hai novo cronograma.**
- As **Comisións e Subcomisións de Acordos non se reuniran ata setembro.**
- As **RPT derivadas do decreto 79/2023 de estrutura orgánica da Xunta**, e os sucesivos decretos que modificaron os das Consellerías, que viran a Mesa **en setembro: Economía e Infraestruturas.**
- OPE de **auxiliar coidador** de 65 prazas: **a última semana de agosto** sae publicada para toma de posesión en setembro.